

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de abril de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás vinte horas e trinta minutos do día trece de abril de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(430).- RATIFICACIÓN DE URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**2(431).- APROBAR O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA O MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 7992/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, o informe de fiscalización e o informe da xefa do Servizo de Contratación, todos de data 13.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, da mesma data, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

*Primeiro.- mediante Resolución de 07 de abril de 2015 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns acordou iniciar o procedemento de Contratación para o Mantemento e Conservación de Zonas Verdes por Procedemento sen Publicidade e Tramitación Urgente.*

*Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:*

- Informe xustificativo da necesidade de contratación do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 13 de abril de 2015*
- Resolución do concelleiro Delegado de Parques e Xardíns de data 7 de abril de 2015 polo o que se autoriza o expediente de contratación*
- Prego de Prescricións Técnicas particulares elaborado e asinado polo departamento técnico do servizo de parques e xardíns en data 13/04/2015*
- Memoria xustificativa, procedemento de adxudicación e criterios de valoración redactado polo Xefe de Servizo de Parques e Xardíns de data 13/04/2015*
- Informe de recepción do expediente elaborado e asinado pola da xefa de servizo de contratación iniciando o procedemento en data 13/04/2015*
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado polo departamento de Contratación en data 13/04/2015*
- Informe Xurídico elaborado pola Asesoría Xurídica en data 13/04/2015*

*O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 b) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.*

*A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º Aprobar o gasto de 1.812.941,12 euros para o mantemento e conservación de zonas verdes 1.812.941,12 € ( 1.498.298,45 € e 314.642,67 de IVE) . O orzamento total imputarase a partida 1710-227.99.01*

*2º Aprobar o Procedemento de Urgencia coa motivación exposta.*

*3º Aprobar o expediente de contratación por Procedemento Negociado sen Publicidade e Tramitación Urxente para o Mantemento e Conservación de Zonas Verdes que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de data 13/04/2015 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 13/04/2015*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás vinte horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.